

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASETE DE XULLO DE 2008, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D <sup>a</sup> . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D <sup>a</sup> . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D <sup>a</sup> : MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D <sup>a</sup> : M <sup>a</sup> . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D <sup>a</sup> . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dezasete de xullo de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/06/2008)**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezanove de xuño do ano que andamos, que queda pendente de aprobar dado que falta no apartado de contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior, concretamente nas do mes de maio, as contestación ás preguntas dos grupos TEGA e PP, quedando redatada a acta do seguinte xeito:

..--Ás preguntas de TEGA, a Presidencia contéstalle:

- 1.- Sobre da base do coche cisterna, que é o almacén municipal
- 2.- En canto ó rumor sobre da ocupación do centro de saúde de Santa Cruz por un médico, que efectivamente chamou un médico para instalar unha consulta privada e que se lle contestou que actualmente está ocupado pola Escola Obradoiro.

--Ás preguntas do PP, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do cambio de ubicación da depuradora de San Pedro de Sarandón, que non existe problema , sempre que técnicamente sexa viable, e que se tratará de atopar un sitio máis axeitado no seu momento

2.- Sobre da colocación do ascensor na Casa de Cultura de Santa Cruz, que a técnica está a redactar un proxecto que inclúa tamén a adaptación dos aseos da planta baixa para minusválidos

3.- Sobre do reparto das guías de Mercavedra que se non se fixo farase

4.- En canto ó Miradoiro de Sales, que aparentemente cambiou de titular para un empresario de Tui, e que consultados os servizos técnicos o Concello pódelle enviar unha notificación para que continúen coas obras ou ben proceder a unha expropiación.

"2º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2007.

Dáse conta da Conta Xeral do Orzamento correspondente ó exercicio 2007, que consta das seguintes partes, segundo o disposto no artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e na Orde de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local:

#### A. - BALANCE DE SITUACIÓN

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	PASIVO
4.365.701,77	4.365.701,77

#### B. - CONTA DE RESULTADOS

INGRESOS ANO 2007	3.910.232,04
GASTOS ANO 2007	3.133.106,51
GASTOS ANOS ANTERIORES	29.101,20
RESULTADO TOTAL (AFORRO)	748.024,33

#### C. - LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS EN 2007	3.937.490,76
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS EN 2007	4.541.135,00
DIFERENZA: DÉFICIT DO EXERCICIO	- 603.644,24
GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA	235.000,00
DESVIACIÓN DE FINANCIAMENTO POSITIVAS	- 173.143,82
RESULTADO AXUSTADO (DÉFICIT)	- 541.788,06

Quedando ó final do exercicio:

DEBEDORES DEREITOS RECOÑECIDOS	324.804,90
ACREEDORES OBRIGAS RECOÑECIDAS	500.485,30

D. - ESTADO DEREITOS E OBRIGAS EXERCICIOS ANTERIORES

DEBEDORES PENDENTES DE COBRO	54.223,09
ACREEDORES PENDENTES DE PAGO	0,00

E. - COMPROMISOS CON CARGO A EXERCICIOS FUTUROS

Negativo

F. - ESTADO DA TESOURERÍA

	EX. INICIAL	COBROS	PAGOS	EX. FINAL
CAIXA	263,41	5.723,69	5.901,77	85,33
BANCOS	- 298.167,25	945.372,27	510.850,14	136.354,88
S/SAÍDA	0,00	195.382,65	195.382,65	0,00
TOTAL	- 297.903,84	1.146.478,61	712.134,56	136.440,21

G. - ESTADO DA DÉBEDA

Negativo

H. - REMANENTE DE TESOURERÍA

+ DEBEDORES PTES. DE COBRO A 31/12/2007 (NETOS)	379.027,99
- ACREEDORES PTES. PAGO A 31/12/2007 (NETOS)	909.070,17
+ FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA A 31/12/2007	136.440,21
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	-
	393.601,97
EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO	-
	173.143,82
SALDOS DE DUDOSO COBRO	- 1.811,12
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	-568.556,91

Así mesmo, achéganse os seguintes anexos:

- Memoria da Conta Xeral
- Investimentos destinados ó uso xeral
- Inmovilizacións materiais e inmateriais
- Endebedamento
- Operacións non presupostarias
- Balance de comprobación
- Estado de modificación de Créditos
- Estado de gastos con financiamento afectada
- Estado de situación e movemento de valores

- Relación Nominal de debedores e acreedores

Posta a votación a citada conta xeral apróbase con 7 votos a favor do PSdeG-PSOE e TEGA e 6 abstencións do PP e BNG

### **3º.- Aprobación, se procede, do Plan Económico-Financeiro**

Dáse conta do Plan de saneamento financeiro a levar a cabo durante os anos 2008-2010, elaborado á vista do remanente líquido de tesourería negativo derivado da Conta Xeral do exercicio 2007 e como complemento das medidas previstas no art. 193 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE dá unha explicación sobre do plan de saneamento que se presenta para a súa aprobación

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que bota en falta sobre todo unha explicación das razóns de pasar dunha situación de superávit a déficit nun ano electoral, polo que di que votará en contra do plan presentado.

Pola súa parte o Sr. Albela de TEGA expón que coincide co BNG na súa exposición. Que a elaboración do plan é obrigatorio por lei pero non está de acordo cos recortes que se propoñen e coa subida de impostos.

Don Carlos Martínez do PP expón que votará en contra do plan pola falta de explicacións sobre dos motivos da situación de déficit, sen explicar cal foi o exceso de investimento no ano electoral, actuando o grupo de goberno con falta de responsabilidade, e propoñendo unha rebaixa nos investimentos ,que pasaría do 17% ó 13,20% no exercicio 2008, e unha subida de impostos.

O Sr. Sánchez di que o PP fai demagoxia coa súa exposición e da unha serie de datos dos concellos limítrofes co noso e que Vedra está na media de todos

Dona Xosefina Guitián expón que segundo o plan sí se recortarán os investimentos

O Sr. Albela reitérase en que non está de acordo na forma de plantexar o plan e o Sr. Martínez que agora non é o momento para incrementar os impostos

Por último o Sr. Sánchez apela á responsabilidade dos grupos

Posto a votación o plan económico-financeiro rexeitase con 7 votos en contra do PP, TEGA e BNG e 6 votos a favor do PSdeG-PSOE

### **4º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE a favor dunha Europa Social, da xornada laboral de 48 horas e da negociación colectiva**

Dáse conta da moción do PSdeG-PSOE informada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas, a favor dunha Europa Social, da xornada laboral de 48 horas e da negociación colectiva, cuxa parte dispositiva di:

1º.- O Concello de Vedra expresa a súa confianza no diálogo social e na negociación colectiva, recoñecida na Constitución, como medios para a adopción de acordos entre os axentes sociais no ámbito laboral

2º.- O Concello de Vedra expresa o seu rexeitamento á proposta da directiva da Unión Europea que pretende ampliar o tempo máximo de traballo semanal a

60 horas con carácter xeral e a 65 horas en determinados sectores, pois supón socavar as bases do dereito laboral comunitario, expresando igualmente o seu apoio ó actual tempo de 48 horas, que vén rexindo as relacións laborais no noso contexto legal dende 1917

3º.- Os Grupos Municipais desta Corporación instan ós grupos políticos do Parlamento de España para que emprendan as iniciativas oportunas no ámbito comunitario de cara a manter a actual semana laboral de 48 horas e a vixencia da negociación colectiva como vía para acadar acordos no ámbito laboral

4º.- Igualmente, os Grupos Municipais deste Concello, instan ós grupos políticos representados no Parlamento Europeo a tomar as medidas axeitadas en idéntico sentido de manter a actual semana laboral de 48 horas e a vixencia da negociación colectiva para acadar acordos laborais

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que aínda que está en contra da ampliación da xornada semanal, que se absterá porque o BNG non se conforma cunha declaración institucional e con apoiar a actual xornada laboral de 48 horas, cando no estado español está vixente a de 40 horas, polo que a moción quedalle corta.

O Sr. Albela de TEGA manifesta a súa conformidade coa moción e o Sr. Martínez do PP di que o voto do seu grupo será a favor da mesma.

O Pleno con 12 votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e TEGA e 1 abstención do BNG acorda aprobar a citada moción

#### 5º.- Acordo, se procede, sobre do Plan de Iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008

Dáse conta das bases reguladoras do *plan de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008* (BOP num. 128/08, do 5 de xuño)

Ó abeiro das mesmas, proponse:

1º.- Participar no *Plan de iluminación e outros complementos dos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008*, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica de seguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
<i>Reforma de las instalaciones de alumbrado en el campo de fútbol de San Mamede de Ribadulla</i>	70.985,46	10.985,46	60.000

2º.- Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra previsto na alínea 1º

3º.- Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo ós seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento

4º.- Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supere o 100% do seu importe

6º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social

7º.- Facultar ó Alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo

Dona Xosefina R. Guitián do BNG préguntalle a Presidencia cal é a necesidade real desa modificación?

A Presidencia contéstalle que o proxecto recolle a modificación do alumeado do campo de fútbol ó non estar adaptado á normativa, e cédelle a palabra o Sr. Alvela de Tega, quen expón que as instalacións existentes non cumpren a normativa vixente e que quedaron obsoletas, polo que considera interesante que existindo este plan se inclúa o proxecto no mesmo.

O Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a citada proposta.

#### **6º.- Acordo, se procede, sobre recuperación de parcela municipal de concentración parcelaria de Vilanova -Merín**

En relación co expediente relativo á recuperación en vía administrativa do ben de dominio público (parcela número 785 do plano do acordo da concentración parcelaria de Vilanova-Merín) inscrita no Inventario Municipal de Bens (epígrafe 1º. Grupo 2. Bens Inmóbiles; núm. orde: 32; PGC: 2009) en o rexistro da propiedade no Tomo: 1521; Libro: 152; Folio: 134; Finca: 20520; inscrición 1ª, sito no lugar de A Igrexa da parroquia de San Cristovo de Merín

Proponse:

PRIMERO. Recuperar, por vía administrativa, o seguinte ben municipal de dominio público: aproximadamente 600 m<sup>2</sup> da Parcela núm.785 do plano do acordo da concentración parcelaria de Vilanova-Merín, sita no lugar de A Igrexa da parroquia de San Cristovo de Merín, que aparecen engadidos á finca colindante, número 784 do plano do acordo da mesma concentración parcelaria, propiedade dos herdeiros de don Manuel Nodar Parada, e desestimar a alegación presentada no seu momento por dona Pilar Nodar Abeijón.

SEGUNDO. Requerir ós herdeiros de don Manuel Nodar Parada, propietario colindante, para que no prazo de 30 días realice os traballos necesarios para repórter o seu primitivo estado o ben de titularidade municipal descrito no primeiro párrafo deste informe, devolvendo os aproximadamente 600 m<sup>2</sup> que aparecen

agregados á súa parcela n.º 784 do plano do acordo da concentración parcelaria de Vilanova-Merín.

TERCEIRO. Advertir ó requirido que transcorrido o mencionado prazo o concello, a través de persoal propio ou alleo, realizará o acto por sí, con todos os gastos a cargo do interesado/s, incluídos os honorarios dos técnicos (Arquitecto, Topógrafo, Aparellador).

CUARTO. Facultar ó Sr. Alcalde para o cumprimento deste acordo e en xeral para todo o relacionado con este asunto

O Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a citada proposta

**7º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de convenio cos propietarios das parcelas do SUND-4, Parque Empresarial de Vedra**

Dáse conta do convenio asinado entre o Concello e Promociones Inmobiliarias MetC 15885, S.L; Promociones Malloak, S.L (U.T.E) ; Parque Vedra, Sociedad Cooperativa Gallega e Invardia, S.L e Ponte da Barca, S.L, que ter por obxecto o establecemento das condicións de colaboración entre o Concello de Vedra e os propietarios dos terreos que supoñen máis do 85% do ámbito coa finalidade de desenvolver, polo sistema de cooperación, o ámbito denominado SUND-4, conforme ás determinacións establecidas no PXOM de Vedra.

O Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar o citado convenio

**8º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación do concurso para asistencia para a redacción do plan de sectorización coa documentación para a súa avaliación estratéxica ambiental e dos proxectos de urbanización e de reparcelación do solo urbanizable non delimitado SUND-4, Parque Empresarial de Vedra**

Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación, por concurso, con procedemento aberto, da *asistencia para a redacción do plan de sectorización coa documentación para a súa avaliación estratéxica ambiental e dos proxectos de urbanización e de reparcelación do solo urbanizable non delimitado SUND-4, Parque Empresarial de Vedra*, segundo licitación publicada no BOCE do 27/11/2008, no DOG 234/07, do 4 de decembro, e no BOP num. 286/07, de data 13 de decembro.

De conformidade co previsto no artigo 7 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexeron o concurso, aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día vinte e cinco de outubro de 2007, e á vista da proposta da Mesa de Contratación, propónse:

**1º.-** Adxudicar o contrato *da asistencia para a redacción do plan de sectorización coa documentación para a súa avaliación estratéxica ambiental e dos proxectos de urbanización e de reparcelación do solo urbanizable non delimitado SUND-4, Parque Empresarial de Vedra*, ó licitador U.T.E URBEPLAN, S.L Y ASESORES CONSULTORES GESTIÓN Y PROMOCIÓN DE ENERGIAS ARC, S.L, con domicilio social en R/Galeras, 13, Planta 4, oficina 4- 15.705- Santiago de Compostela ,

por ter acadado a maior puntuación no concurso, de acordo cos seguintes extremos:

1.1.- O prezo total do contrato ascende á cantidade de cincocentos un mil seiscientos vinte e oito euros con oitenta e seis céntimos (#501.628,86#), segundo a oferta presentada polo licitador-adxudicatario no sobre C" Oferta Económica"

1.2.- O obxecto do contrato será a realización dos traballos de asistencia técnica para a redacción do Plan de sectorización coa documentación para a súa avaliación estratéxica ambiental e dos proxectos de urbanización e de reparcelación do solo urbanizable non delimitado SUND-4 , Parque Empresarial de Vedra, de acordo coa memoria presentada polo licitador adxudicatario no sobre B "Referencias técnicas"

2º.- Notificarlle o presente acordo ó licitador adxudicatario, para o seu coñecemento e efectos, así como para o inicio dos seguintes prazos:

2.1.- O prazo de entrega dos traballos a realizar de acordo co prego de cláusulas que rexeron o concurso e o calendario ofertado

2.2.- O prazo de 30 días, dende dita dita notificación, para a formalización do contrato, debendo aportar previamente xustificantes acreditativos de ter depositado a fianza definitiva á que se refire a cláusula 4 do prego citado, así como de ter ingresado os gastos derivados da licitación

3º.- Asi mesmo , respecto dos licitadores non adxudicatarios, notificarlles este acordo e declarar que mediante o presente quedan extinguidas e canceladas as garantías provisionais prestadas, debéndose proceder á devolución dos documentos soportes das mesmas.

O Pleno , por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

## **9º.- Ratificación, se procede, de acordo de adhesión á Rede de Concellos pola Sostibilidade**

Solicítase a declaración de urxencia do punto que se aproba por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día un de xullo do ano que andamos, que di o seguinte:

"Dáse conta da Orde da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, do 23 de maio de 2008, pola que se crea a Rede Galega de concellos pola sustentabilidade (DOG num. 107/08, do 4 de xuño)

A Xunta de Goberno, dada a súa urxencia e sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno do Concello, acorda:

1º.- Adherirse á Carta de Aalborg + 10, comprometéndose a potenciar o desenvolvemento sustentable do concello mediante a participación cidadá e a implicación dos sectores económicos e sociais

2º.- Adherirse á Rede galega de concellos pola sustentabilidade e á inscrición no seu rexistro, así como realizar unha declaración institucional do Sr. Alcalde



a todos os cidadáns onde se amose o compromiso municipal de implantación de políticas municipais encamiñadas a acadar a sustentabilidade no concello

3º.- Organizar unha comisión técnica de seguimento no concello integrada por todas as concellerías implicadas nos procesos de sustentabilidade (urbanismo, transporte, ambiente, participación....)

4º.- Designar como vocal titular a dona Lucía González Louro e como suplente a dona Ana B. Picón Cotos, que actuarán como representantes do concello na Asemblea Xeral da rede

5º.- Fomentar canles estables de participación cidadá e comprometerse a organizar e manter os foros de participación da Axenda 21 local"

O Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar o citado acordo

**10º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para a implantación dun núcleo de sostibilidade**

Apróbase a declaración de urxencia por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta da Orde da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, do 11 de xuño de 2008, pola que se convoca e regula o réxime de concesión de axudas destinadas a concellos de Galicia para a implantación dun núcleo de sostibilidade nos seus territorios (DOG num. 118/08, do 19 de xuño)

Ó abeiro da mesma, proponse:

1º.- Comprometerse a levar a boa fin a implantación dun núcleo de sostibilidade na entidade local contando coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

2º.- Comprometerse a colaborar na elaboración da Axenda 21 local e da Axenda 21 escolar, así como a facilitar e promocionar no concello a participación pública neste proceso


3º.- Comprometerse a crear e financiar unha axencia local de sustentabilidade e a súa dotación material

4º.- Comprometerse a dotar e financiar, durante o período de vixencia desta orde, o persoal necesario para o funcionamento da axencia local de sustentabilidade, mediante oferta pública de emprego para proceder á selección dun titular superior

Posta a votación a citada proposta apróbase por unanimidade dos asistentes

**11º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP para a ampliación da gardería**

Solicítase a declaración de urxencia deste punto, que se aproba por unanimidade dos asistentes



De seguido dáse conta da moción do PP na que se expón que é un feito constatado o aumento da poboación infantil no noso concello nos últimos anos e que o servizo de gardería, sen ter carácter obrigatorio, ten unha grande demanda, sendo elevado o número de nenos/as que quedaron en lista de espera na convocatoria deste ano, e cuxa parte dispositiva, informada favorablemente pola Comisión de Economía e Especial de Contas, di:

1º.- Ampliar a gardería municipal para dotala de dúas unidades máis (de 1-2 e de 2-3 anos)

2º.- Solicitalle á Xunta de Galicia as axudas e autorizacións oportunas

O Sr. Martínez do PP dá unha explicación da moción presentada polo seu grupo e di que o problema xurdiu nesta convocatoria, na que quedaron nenos en lista de espera, pero que se repetirá nos próximos anos, tendo en conta o crecemento da natalidade no concello, polo que hai que dar os pasos necesarios para que, en breve, teñamos a ampliación da gardería.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que descoñece se a ampliación suporía unha modificación interior do edificio ou unha ampliación do mesmo, pero que en calquera caso votará a favor da moción e que non debe quedar ningún veciño fóra dese servizo.

O Pleno, por unanimidade dos seus asistentes, acorda aprobara a citada moción

**12º.- Acordo, se procede, sobre proposta da ANPA do C.E.I.P de Ortigueira para a implantación do servizo de comedor para o curso 2008-2009**

Dáse conta da proposta da ANPA do C.E.I.P de Ortigueira para a implantación do servizo de comedor no colexio para o curso escolar 2008/2009, na que solicitan a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O Concello de Vedra asumirá o compromiso de favorecer a implantación e funcionamento do servizo de comedor escolar no vindeiro curso 2008/2009 no CEIP de Ortigueira, ó entender que é un servizo complementario necesario no colexio, tanto polas súas implicacións educativas como pola necesidade de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral

2º.- O Concello de Vedra implicarase no financiamento do servizo de comedor, para os efectos de que a ANPA poida recibir axudas públicas que subvencionen o prezo do menú escolar

3º.- O Concello de Vedra asumirá este compromiso facéndose cargo do custo das obras necesarias no centro para que poida funcionar o comedor. De non poder asumir o custo das obras nos orzamentos de 2008, o concello asumirá estes custos nos orzamentos de 2009, poñendo á disposición dos usuarios, mentres tanto, un local alternativo nos edificios da súa propiedade próximos ó colexio.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG solíciatalle ó grupo de goberno que lle permita á Presidenta da ANPA, presente, intervir, se ela está disposta, para defender a proposta que presentaron.

A Presidencia, en función do disposto no artigo 21 do Regulamento municipal de participación veciñal, dálle permiso a Presidenta da ANPA, dona Beatriz Mera, e expón que a escola ten que estar ó servizo da comunidade, e que a sociedade demanda outros servizos ademais do propiamente educativo: transporte escolar, comedor, que lle permitan ás familias conciliar a vida laboral e familiar.

Di- tamén- que o colexio de Ortigueira é unha alternativa educativa ó C.P.I de Vedra, e tendo en conta que está previsto que esa zona medre o servizo de comedor é fundamental. Ademais expón que o coste é importante, pero que as familias tamén asumiron un coste por menú, cando é un agravio comparativo co outro colexio do concello, que é gratis.

Por último remata pedíndolle á corporación teña en conta a proposta presentada lamentando ter que chegar a esta situación

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que a postura do BNG é clara sobre dos servizos básicos que demanda a sociedade, e que a ANPA de Ortigueira o que solicita na proposta é que o concello asuma o gasto de pechar un porche ou busque outros locais alternativos para prestar o servizo de comedor no colexio, e que a pesar de situación económica do concello o investimento é pequeno, polo que votará a favor da proposta

O Sr. Albela de TEGA expón que segundo se falou na comisión informativa hai receptibilidade para buscar alternativas e incluír no orzamento do vindeiro exercicio o investimento necesario.

Di que votará a favor das propostas que lle faciliten ás familias a conciliación da vida familiar e laboral.

Pola súa parte o Sr. Martínez do PP di estar a favor da proposta e expón que despois da intervención da Presidenta da ANPA e dos compañeiros da oposición, só incidir que sería unha pena deixar pasar esta ocasión onde todos están de acordo para instalar este servizo, máximo cando se trata dun investimento pequeno no orzamento municipal.

Intervén o Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE e di que outras alternativas non hai, ó non existir locais que reúnan as características necesarias, polo que só queda levar a cabo as obras necesarias. Di que lle parece un servizo moi necesario, que os técnicos fixeron un proxecto, e que hai que porse de acordo para buscar o financiamento das obras

Dona Xosefina Guitián di que o grupo de goberno é o que ten que traballar no tema, e que o seu grupo está aberto ó diálogo e a sentarse a falar do tema, pero que a responsabilidade é do equipo que goberna

O Sr. Martínez di que está de acordo co BNG e que unha proposta é concertar unha operación de préstamo, e que dende logo o seu grupo está a favor do diálogo co grupo de goberno nesta e noutras propostas

Por último o Sr. Sánchez di que o punto está suficientemente debatido e que o grupo de goberno asume o compromiso de buscar unha solución para este tema

A Presidencia intervén para facer unha matización sobre das axudas da Consellería de Educación e di que levan anos loitando para conseguir subvencións importantes para os colexios de Vedra e Ortigueira, e que hai memorias para ar-

ranxos de centros na provincia da Coruña de vinte e dous millóns de euros, e que ten claro que se se quere o comedor que o concello ten que asumir o coste

Posta a votación a proposta apróbase por unanimidade dos asistentes

### 13.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- Á pregunta sobre da recollida de cartón, vidro e plástico, di que o servizo faise polas seguintes empresas: Saice, Urbaser e Vázquez y Garzón, unha vez ó mes segundo o convenio con Medio Ambiente para os concellos de 5.000 habitantes, agás o cartón que se fai unha vez/semana

2.- Sobre da romaría da terceira idade que os gastos ascenderon á cantidade de 14.380,96 euros

3.- En canto ás achegas dos participantes na excursión a Madrid e Segovia, que foi pagada integramente polos participante e que o concello só pagou 305 euros de entradas ó Escorial.

--Ás preguntas de don Carlos Martínez , a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do plan de incendios forestais, que dende principios de maio están avisados os propietarios das cisternas por se fose necesario

2.- Sobre do retraso nos pagos do concello, que é por falta de liquidez nalgún momento por ter que adiantar cartos para o Obradoiro de Emprego e tamén pola baixa do tesoureiro

3.- Sobre do saneamento de San Xián de Sales que despois da sesión reuniase cos voceiros para tratar este tema e outros de cara á súa inclusión nun plan de Deputación

### 14º.- Rogos e preguntas


--Dona Xosefina R. Guitian do BNG pregunta:

1.- Que conversacións tivo o concello cos responsábeis do campo de golf de Lavacolla, a respecto da posibilidade de instalar un campo de golf en Vedra, entre as parroquiais de San Miguel de Sarandón e Vedra?. A que terreos e con que calificación urbanística afectaría este proxecto?: Como podería afectar á necesidade de auga dun campo de golf ó abastecemento das aldeas cercanas?

2.- Que xestións está levando o concello de Vedra para a implantación do servizo "Madruga" no C.P.I de Vedra? Implantarase este servizo no curso 2008-2009?

3.- Pediuse este ano subvención para socorrista na piscina de Vedra? Non debería haber xa algún socorrista mentres a monitora deportiva imparte os cursos?

--O Sr. Albela de TEGA formula os seguintes rogos e preguntas:



1.- Por que non comezaron e cando van comezar as obras na casa de cultura de San Miguel de Sarandón?

2.- Para cando o arranxo da pista de Cimadevila - San Miguel de Sarandón?

3.- rogo se proceda á limpeza da pista entre murallas que vai dende Caxaraville ó campo da festa en San Miguel de Sarandón, tendo en conta que non se pode efectuar co tractor

4.- Deixar canto antes transitable a pista no lugar de A Pedreira - San Miguel de Sarandón, a poder ser antes das festas de agosto, así mesmo neste mesmo lugar promover con Fenosa o cambio dun poste que se atopa enclavado na citada pista e que ten unha grande base de formigón que estreita aínda máis o paso e resulta perigoso

-- O Sr. Costa do PP pregunta:

1.- Por que o Concello de Vedra saiu do GDR 24?

2.- Solicitamos que a través dos técnicos municipais e/ou Aquagest se faga un estudio do saneamento en San Xián de Sales dende o campo da festa (Cibrán) ata Paradela a fin de que á hora de executar as obras da estrada Vedra -Santa Lucía, xa contratada, queden as traídas correspondentes e logo non se teña que desfacer á via para instalar as redes de saneamento e auga. Rogamos ademais que se tomen as medidas necesarias para levar a cabo estas obras

3.- Solicitamos o arranxo da pista de A Torre en San Xián

4.- Solicitamos, tamén, o bacheo da pista de Cibrán (frente á casa de turismo rural) cara Illobre, en San Xián, que está moi desfeita

5.- Solucionáronse xa os problemas para a instalación do subministro eléctrico á EDAR de San Xián?

6.- Como se xestiona o camión cisterna: persoal, horarios, base, saídas, ...?

--O Sr. Martínez do PP, expón:

Ante a situación na que se atopa na actualidade o Parque Comarcal de Bombeiros o grupo municipal do PP mostra a súa preocupación pola seguridade dos veciños de Vedra, polo que formulan as seguintes preguntas:

\*Que iniciativas tanto de índole administrativa como legal tomou xa o alcalde e o grupo de goberno do Concello de Vedra para defender os intereses dos veciños en relación ó Parque Comarcal de Bombeiros?

\*Hai algún tipo de actuacións en curso ou en vindeiras datas para conquistar satisfactoriamente para Vedra este Servizo do Parque Comarcal de Bombeiros?

\*Dispón na actualidade o Concello de Vedra dos equipamentos e recursos necesarios para afrontar unha situación de risco de incendio no término municipal?

\*Existe deseñado algún Plan de incendios forestais por parte do Concello de Vedra de cara a este ano 2008?

\*Existe algunha mellora prioritaria que se precise facer por parte do Concello en recursos antiincendios no término municipal de Vedra?

Asimesmo fai os seguintes rogos:

1º.- Rogamos unha vez máis que se axilicen e se realicen o máis pronto posible as labores de limpeza das cunetas das pistas municipais de todas as parroquias de Vedra, priorizando as que poidan entrañar máis perigo e as de máis tránsito.

2º.- Rogamos que na parroquia de Trobe:

2.1.- No lavadoiro e fonte de Bazar se valle, xa que está perigoso, ten xa os postes pero falta a tea para cerrar

2.2.- Iguamente que o lavadoiro e fonte de Xián se valle porque está perigoso

2.3.- Que se valle tamén pola súa perigosidade o pozo de auga de Vilarpiñeiro

2.4.- Que se corrixa a sinalización da estrada na entrada ó campo da festa xa que está en raia contínua

2.5.- Que se instale o alumeado no campo de fútbol

2.6.- Que se instalen colectores de recollida de plástico en Xián

2.7.- Que se poñe un taboleiro de información en Gatente

2.8.- Que se realice a recollida de vidro e papel xa que todos os colectores están cheos

2.9.- Tamén poñemos en coñecemento do Concello, para que tome as medidas oportunas, a existencia dun basureiro incontrolado na pista que vai de Bazar á granxa de polos "Yema de Oro"

3º.- En San Miguel de Sarandón:

3.1.- Rogamos que se arranxe a pista de acceso a Canicoba, xunto á casa de Fidel, xa que está chea de baches dende o paso do Rally do 2007

3.2.- Iguamente, na pista seguinte da entrada á aldea de Canicoba na zona de San Mamede, non se pode saír da aldea cara Sarandón por liña contínua na estrada principal. Rogamos se arranxe dito problema

4º.- Rogamos que na aldea de Xián en San Pedro de Sarandón se coloque un taboleiro de información


5º.- Rogamos se revise o funcionamento do alumeado público municipal, dado que en numerosos sitios as farolas non funcionan

6º.- Rogamos que se prolongue dous postes máis da luz o alumeado que se está a poñer en Santa Cruz dende o lugar de Agrelo a Tomonde

7º.- Rogamos se asfalte e se poñan puntos de luz no camiño público situado na aldea de Caldelas e que dá servizo á casa de dona Concepción Quinteiro Núñez

**15º.- Rogos e preguntas veciñais**

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión



Intervén don Pedro Guitián Rodríguez e felicita á Corporación pola aprobación do desenvolvemento do parque empresarial, considerandoo un importante logro

A Presidencia dálle as grazas.

Conclúe ó fio das vinte e tres horas e dez minutos

